

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2025

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución da Presidencia núm. 2025/12589, do 22 de setembro de 2025, do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025.

“Aprobación das adhesións ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025 e concesión de subvencións.

Unha vez vistas as solicitudes de adhesión ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025, presentadas ata o 26 de agosto de 2025.

Unha vez visto o informe técnico da Área de Benestar, do 19 de setembro de 2025, no que se informa da presentación dun total de corenta (40) solicitudes de adhesión de entidades locais para recibir subvención para os servizos complementarios de atención á infancia de titularidade municipal, todas elas presentadas en tempo e forma. No dito informe inclúese unha proposta de repartimento das contías económicas de acordo co establecido nas bases reguladoras do Programa.

Tendo en conta o previsto nas bases reguladoras do Programa de cooperación cos concellos da provincia BenOurense Infancia- Servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025, publicadas con carácter definitivo no BOP núm. 147, do 4 de agosto de 2025, concretamente o recollido na base terceira “Contía das subvencións”, procedeuse ao reparto económico do orzamento total entre os concellos que presentaron en tempo e forma a solicitude de adhesión ao Programa e reúnen os requisitos establecidos.

Polo exposto, **DISPOÑO**:

1º Aprobar a adhesión das seguintes entidades locais ao Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025, e declarar concedidas as subvencións polos importes que se indican:

	N.º expediente adhesión	Entidade local/ Concello	Servizo complementario	Contía concedida (€)
1	2025/19292Z	Allariz	Aula de espera	2.797,92
2	2025/19090L	Amoeiro	Acollida temperá no CEIP Plurilingüe Otero Pedrayo de Amoeiro	2.797,92



3	2025/18996V	Avión	Concilia Avión	3.497,40
4	2025/19332P	Bande	Campamento deportivo en Bande	3.497,40
5	2025/19463R	Barbadás	Plan concilia	2.797,92
6	2025/18985Y	Bola, A	Espazo Medrando Xunt@s	3.497,40
7	2025/19001E	Bolo, O	Ludoverán	4.196,89
8	2025/18961M	Carballeda de Avia	Concilia madrugadores	3.497,40
9	2025/19089H	Carballiño, O	Bo día /Divertiño	2.797,92
10	2025/19109S	Castrelo do Val	Almorzos saudables	4.196,89
11	2025/19150X	Castro Caldelas	Concilia Castro Caldelas	3.497,40
12	2025/18989X	Celanova	Concilia Celanova, Campamento de verán 2025	2.797,92
13	2025/19558G	Genlle	Servizo de conciliación laboral Concello de Genlle	2.797,92
14	2025/19563D	Chandrexa de Queixa	Concilia verán Chandrexa 2025	4.196,89
15	2025/19215Y	Cortegada	Plan Madruga Cortegada	2.797,92
16	2025/19571V	Entrimo	Concilia Entrimo 2025	3.497,40
17	2025/19079P	Esgos	Verán concilia 2025	2.797,92
18	2025/18958W	Gudiña, A	Alborear	3.497,40
19	2025/19130J	Lobeira	No verán, animate a xogar en Lobeira	4.196,89
20	2025/19333D	Lobios	Actividades de educación ambiental e seguridade vial	3.497,40
21	2025/18999C	Melón	Servizo de conciliación familiar	3.497,40
22	2025/20135Y	Mezquita, A	Medramos xogando	3.497,40
23	2025/19125P	Montederramo	Concilia verán Montederramo	4.196,89
24	2025/19288X	Nogueira de Ramuín	Programa " Concilia familias". Aula Concilia e Campamento de Verán	2.797,92



25	2025/18984M	Oímbra	Programa de conciliación “Almorzos saudables”	2.797,92
26	2025/19512G	Parada de Sil	Concilia Parada de Sil	4.196,89
27	2025/19515F	Pereiro de Aguiar, O	Aula concilia	2.797,92
28	2025/20152T	Pobra de Trives, A	Madrugadores	2.797,92
29	2025/18960G	Porqueira	Programa coidanenos	3.497,40
30	2025/18973V	Rairiz de Veiga	Campamento de verán 2025	3.497,40
31	2025/18970Z	Ribadavia	Conciliación	2.797,92
32	2025/19356D	Rúa, A	Coidado de nenos-ludoteca municipal	2.797,92
33	2025/19077Y	San Cristovo de Cea	Atención temperá	3.497,40
34	2025/18993Z	Teixeira, A	A Teixeira concilia	4.196,89
35	2025/19081X	Toén	Actividades madrugadores e campamento de verán 2025	2.797,92
36	2025/18991N	Trasmiras	Campamento verán- Trasmiras Concilia	3.497,40
37	2025/20133G	Veiga, A	Madrugadores	4.196,89
38	2025/19330Y	Verea	Concilia Verea	4.196,89
39	2025/19083N	Vilar de Santos	Programa concilia Vilar de Santos 2025	2.797,92
40	2025/20114P	Vilardevós	Actividades de Verán “Verán na Serra de Penas Ceibes”	3.497,40
Total				134.999,73

2º Ordenarles aos servizos de Intervención e Tesourería da Deputación que inicien os trámites para o libramento do 80% do importe máximo da subvención.

3º Publicar esta resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense para o coñecemento xeral.

Publicase isto e advírtese que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán formular un requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Ourense (ou outro





que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, e vencerán no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dito mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto non contará o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.”

Ourense, 23 de setembro de 2025. A deputada delegada de Políticas Sociais, Conciliación e Envellecemento Activo. (P.d.: Resol. 2023/9863, do 31/07/2023)

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 2.310

